

# A ESTANDARIZACIÓN CONTEMPORÁNEA DA LINGUA GALEGA: ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS SOCIOLINGÜÍSTICAS DESDE A PERSPECTIVA DA VARIACIÓN SOCIAL

*Anxo M. Lorenzo Suárez*  
*Departamento de Filoloxía Galega e Latina*  
*Universidade de Vigo*

Publicado en *Galicia dende Salamanca 4* Salamanca, DXPL-Área de Galego e Portugués da Universidade de Salamanca, 2003, pp. 161-184.

## **Introducción**

O obxectivo deste traballo é reflexionar sobre algúns aspectos sociolingüísticos derivados do proceso contemporáneo de estandarización da lingua galega, que consistiu principalmente na concreción e na difusión dunha variedade estándar para a lingua galega, proceso que acadou un grao importante de consenso e de difusión social, como teremos ocasión de comentar nestas páxinas.

Por outra banda, interesámonos neste traballo polo produto da estandarización —a variedade estándar da lingua galega—, que alterou considerablemente o status e avaliación do resto de variedades existentes no continuo de contacto galego-castelán.

## **1. Variedade estándar e proceso de estandarización**

Téndese a diferenciar entre estandarización e variedade estándar. Así, a estandarización configúrase como o proceso lingüístico e social mediante o cal se elabora, se fixa e se difunde unha variedade estándar. En consecuencia, a variedade estándar designa o produto lingüístico formal resultante das actividades de creación dunha variedade xeral apta para un conxunto de funcións que a sociedade e os lingüistas determinan.

Desde unha perspectiva funcional, o obxectivo da estandarización é o de que a lingua en cuestión dispoña dunha variedade oral e escrita codificada, fixada e intelectualizada, que sexa quen de dar resposta ás necesidades comunicativas dunha sociedade diversificada e desenvolvida. Enténdese desde esta perspectiva que a falta dunha variedade-modelo pode ter consecuencias negativas nun plano simbólico —integración e cohesión— e nun plano práctico ou instrumental —necesidades de comunicación e de intercomprensión. No caso de linguas de difusión limitada ou sometidas a procesos de substitución lingüística, a carencia dunha

variedade de referencia víase como un impedimento obxectivo de cara ós procesos de revitalización e de normalización lingüística.

En definitiva, entendemos por estandarización o dobre proceso da creación e elaboración dunha variedade estándar, por unha banda, e da difusión, aceptación e uso efectivo da dita variedade estándar, pola outra.

Non tódolos procesos de estandarización son, por definición, semellantes. Hai linguas que durante o seu percorrido histórico, mediante condicións socio-políticas e lingüísticas axeitadas, foron configurando variedades unificadas que posteriormente acadaron un amplo recoñecemento social e político. Noutros casos, esas circunstancias non foron tan axeitadas e a consecución dunha variedade común e unificada transitou por vieiros complexos. As linguas inseridas en dinámicas de competición con outras variedades presentes no seu territorio adoitan ser, en xeral, un bo exemplo deste segundo tipo de procesos de estandarización. Pero ademais de seren procesos estandarizadores moi complexos e ás veces moi problemáticos, nas variedades minoritarias, minorizadas ou en procesos de substitución social adoitan formularse procesos estandarizadores inducidos, moi conscientes e planificados, consecuencia na maior parte dos casos da necesidade de dispoñer con certa urxencia de variedades unificadas que permitan darlle á lingua estabilidade e concreción lingüística para poder aumentar o pulo social e institucional. Neste sentido, estes procesos inducidos diferéncianse das estandarizacións espontáneas.

Tralo visto ata agora, a dúbida que xorde é a de qué tipo de variedade é o estándar en relación cos fenómenos de variación formal e funcional: ¿dialecto ou rexistro? ¿variedade asociada cos usuarios ou cos usos da lingua? A dificultade para caracteriza-lo status do estándar nace do feito de que esta non é unha variedade ‘natural’, senón que é unha variedade ‘inducida’, creada para un tipo de comunicación específica, normalmente a comunicación pública e formal, alomenos inicialmente. En consecuencia, a diversidade de casos e de situacións diverxentes é enorme, e para poder explicalas debemos ter en conta diversas situacións e dinámicas.

Para poder establecer o status das variedades estándar, debemos pensar primeiramente en *cómo se orixina* o estándar, coñecendo xa que logo cál era a situación lingüística de partida, e, a continuación, debemos analizar *cómo se difunde socialmente* esa variedade na sociedade receptora.

Atendendo ó primeiro aspecto, hai variedades estándar que se crean a partir dun determinado dialecto, que por razóns de extensión demográfica ou de poder social, constitúe o

espiñazo da variedade codificada. Noutros casos, ó non existir tal dialecto forte, óptase por unha estandarización componencial, con trazos e elementos lingüísticos que procederán de distintos dialectos ou de diversas áreas dialectais. Se se leva a cabo unha codificación do primeiro tipo, unha parte importante da poboación terá o estándar como variedade dialectal, mentres que outros a terán como variedade funcional (é dicir, como rexistro apto para certos tipos de comunicación). Se se leva a cabo unha codificación componencial, toda a comunidade de lingua terá o estándar como variedade funcional, que se superpoñerá, teoricamente, ás variedades dialectais de partida.

Atendendo ó segundo aspecto –a difusión social da variedade estándar–, pode pasar que a variedade estándar quede vinculada cos ámbitos formais de uso, ou pode ocorrer que a difusión sexa moi intensa e toda a comunidade non só chegue a utilizalo senón que mesmo chegue tamén a adquirilo como primeira variedade. No primeiro caso o estándar funcionaría como un rexistro mentres que no segundo se comportaría como unha variedade dialectal.

E por se isto non abundase, as realidades sociolingüísticas a este respecto son aínda máis complicadas por dous motivos: porque as comunidades non son homoxéneas no tocante á alternancia entre formas estándar e non estándar, e porque os procesos de estandarización serodios, como ocorre no caso de comunidades con lingua subordinada, a variedade estándar ten unha dimensión lingüística moi particular.

Tocante á heteroxeneidade na alternancia entre formas estándar e non estándar, podemos atopar: *a)* falantes ou grupos de falantes que alternan entre diferentes rexistros pero sen abandonaren a variedade estándar; *b)* outros falantes poden alternar entre o estándar e un conxunto de formas non estándar non moi afastadas daquel; e *c)* outros grupos de falantes poden presentar unha alternancia entre o estándar e variedades coloquiais moi afastadas daquel.

Tocante á dimensión do estándar, as estandarizacións serodias realízanse por necesidade imperiosa de contar cunha variedade que vai cumprir unha serie de funcións que se consideran imprescindibles para a sobrevivencia da lingua socialmente subordinada. Polo tanto, non se pensa nunha variedade estándar de alcance limitado, senón todo o contrario: fórmase como obxectivo, inda que sexa latente, que unha variedade codificada teña un alcance amplo, que sexa, como indica Bibiloni (1997: 77):

“Unha variedade totalizadora, tanto no sentido de que tenda a ser a variedade común de tódolos membros dunha comunidade lingüística (...), como no sentido de que ten vocación de servir para unha gama máis ou menos ampla de contextos (mentres que un rexistro é a adaptación dunha variedade a un determinado contexto)”.

Desde esta perspectiva, a variedade estándar constituiría nestes casos un tipo de variedade intermedia entre un dialecto e un rexistro.

Non menos interesante é a análise das ‘ideoloxías da estandarización’. O desenvolvemento de variedades-modelo, que diverxen en distinta medida e profundidade respecto doutras variedades dialectais ou sociolectais, tende a formular procesos de diversificación e de competición interna entre o tal modelo estándar de lingua e o que non o é —e entre as formas que o configuran e as que non. Diferentes estudos recoñecen que as variedades estándar tenden a ser xulgadas positivamente en termos de valores estéticos, morais e intelectuais, e, en consecuencia, os falantes de tales variedades de referencia tenderán a recibir unha avaliación máis positiva cós falantes das variedades non estándar. É o que podemos denominar como a ideoloxía da superioridade da lingua estándar. Ademais, aséntase a idea de que o estándar é a forma correcta da linguaxe, mentres que o non estándar é considerado impuro, contaminado, etc., polo seu carácter híbrido, mesturado, etc. (cf. Heller, 2000; Blackledge, 2000)<sup>1</sup>.

## **2. Contexto sociolingüístico da Galicia actual**

Nesta sección centrarémonos en dous aspectos. Por un lado (sección 2.1), comentaremos con brevidade os aspectos máis salientables da situación sociolingüística de Galicia, enmarcada por un dobre proceso de substitución social do galego polo castelán e por unha xeira revitalizadora de normalización lingüística. E por outro lado (sección 2.2), faremos fincapé nalgúns trazos característicos do proceso de estandarización contemporánea da lingua galega.

### **2.1. Substitución social galego > castelán e revitalización lingüística**

A realidade social da lingua galega está hoxe enmarcada por dous procesos de tendencias e características aparentemente contrapostas: por un lado, un proceso de substitución lingüística do galego polo castelán, e por outro lado unha xeira de revitalización social e institucional<sup>2</sup>.

En primeiro lugar, o proceso macrosocial de desgaleguización social, consistente na substitución social do galego polo castelán, comenza no século XIX e continúa con forza

durante todo o século XX (cf. Mariño, 1998; Monteagudo, 1999). Este proceso supuxo a perda lenta pero progresiva de falantes iniciais e habituais de galego, a adquisición e uso social meirande –e tamén progresivo– do castelán, e a alteración significativa da configuración das redes interpersoais de relación, dos mecanismos de transmisión lingüística primaria, e dos procesos de elección lingüística. Este proceso de abandono do galego camiñou moi lentamente debido, con toda probabilidade, ó illamento, dispersión e ruralidade da sociedade galega. De non ser así, hoxe en día o avance do proceso substitutorio sería, sen dúbida, moito máis notorio e, seguramente, máis dramático para a vitalidade social e demográfica da lingua. O avance paseniño da ondada substitutoria tivo como consecuencia que aínda hoxe en día a presenza demográfica do galego sexa moi relevante, aínda que distribuída moi desigualmente por hábitat de residencia e pola idade<sup>3</sup>.

En segundo lugar, un proceso de revitalización social e institucional da lingua galega arrinca con forza nos anos sesenta e setenta do século XX, da man das reivindicacións sociais e políticas da fin do franquismo. Aínda que xa desde o *Rexurdimento* de finais do século XIX se foran sentado as bases da reivindicación cultural e lingüística, non será atala década dos sesenta e, principalmente, na dos setenta, cando poidamos establecer o momento histórico en que a reivindicación do galego bote a andar. A oficialización da lingua na transición democrática e o seu recoñecemento legal foron o pano de fondo para unha relativa expansión nos seus ámbitos de utilización, para un aumento relativo das funcións sociais dispensadas en galego, e, en definitiva, para o desenvolvemento de usos formais socialmente prestixiados.

Entre finais dos anos 70 e principios dos 80, o cambio de clima político –co desenvolvemento constitucional do Estado das Autonomías–, a aprobación do Estatuto de Autonomía en 1981 e a promulgación da *Lei de Normalización Lingüística* en 1983 supuxeron unha ampliación notable do recoñecemento social e institucional do galego. Nesta segunda etapa, a xestión normalizadora residiu primariamente nos poderes públicos, sobre todo na administración da Xunta de Galicia, ó tempo que as entidades da sociedade civil galega seguiron desempeñando un papel destacado.

O aumento significativo das funcións sociais potencialmente realizables en galego e a nova etapa social e institucional que se abriu trala restauración da democracia foron provocando unha alteración significativa nas avaliacións sobre o galego e os seus falantes: a secular asociación entre lingua e ruralidade, ou entre lingua e incultura foron cambiando, de maneira que a lingua galega, sobre todo entre determinado tipo de individuos, comeza a concitar actitudes e opinións menos dramáticas, menos cruentas e mesmo positivas en termos de

utilidade e de status social (cf. Bouzada & Lorenzo, 1997). Isto non supón a desaparición dos vellos prexuízos respecto da lingua, e tampouco supón que non se xerases novas avaliacións negativas (cf. Seminario de Sociolingüística da RAG, 2002).

En calquera caso, podemos observar algunhas consecuencias sociolingüísticas moi positivas da normalización do galego, como son a irrupción da lingua en grupos sociais inicialmente moi castelanizados ou a presenza –oral e escrita– do galego en ámbitos sociais – administración pública, ensino, medios de comunicación, etc.– nos cales a súa presenza era ata o momento residual ou practicamente inexistente. Concretamente, a inserción do galego nas transmisións educativas non universitarias e a presenza da lingua nos medios de comunicación públicos contribuíron a cambiar cualitativamente as percepcións sociais sobre a lingua. Paralelamente, aumentou considerablemente a proporción de individuos con competencia lingüística bilingüe.

Con todo, esas consecuencias positivas non parecen ser abundas para deter o avance da desgaleguización, principalmente nos grupos e comunidades urbanas e entre os segmentos máis mozos da poboación galega. É dicir, parece que tales esforzos normalizadores nin deteñen o proceso substitutorio nin supoñen, no fondo, un contrapeso efectivo (cf. Fernández, 1991).

Respecto do panorama sociolingüístico actual, as luces e as sombras sobre o futuro do galego parecen ir, paradoxalmente, da man. Por un lado, o nivel de desgaleguización da sociedade galega é moi alto –sobre todo nas cidades, pero en todo o país é moi palpable. Por outro, a asunción normal do galego non deixa de aumentar e non semella que os galegos/as esteamos moi dispostos a deixar que a lingua desapareza (cf. Bouzada, 2002).

## **2.2. Algúns trazos característicos da estandarización da lingua galega**

En 1982 a Xunta de Galicia oficializou, mediante o Decreto de normativización, as denominadas ‘normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego’, segundo a proposta acordada polo Instituto da Lingua Galega e mais a Real Academia Galega. Desde unha perspectiva sociolingüística atopamos catro trazos característicos do proceso de estandarización do galego que podemos salientar aquí.

En primeiro lugar, tratouse dunha ‘estandarización serodia’, en palabras de Mariño (1998: 446), debido ás necesidades derivadas da oficialización e da institucionalización da lingua, tal como comenta no seguinte fragmento.

“Ata as últimas décadas do século XX non se pode falar senón dunha elaboración espontánea do noso estándar, pois é soamente entón, ó se converte-lo galego en lingua cooficial da Comunidade Autónoma de Galicia e acceder á administración, á escola e ós medios de comunicación audiovisual, cando institucións como o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega asumen de maneira decidida a tarefa da planificación do corpus.”

Esta estandarización serodia da lingua galega supuxo que tal proceso aínda se atope nunha xeira de consolidación. Por unha parte, produciuse un certo nivel de contestación á selección realizada da variedade estándar, o cal abriu unha fronte de disputa e de debate no seo de grupos, asociacións e entidades moi activas e reivindicativas na defensa e na promoción da revitalización social do galego, tal como veremos máis adiante.

En segundo lugar, cómpre ter moi presente que tal proceso de estandarización non se desenvolveu nunha situación sociolingüística estable ou normal para o galego, aspecto este que axuda a entender moitos aspectos posteriores. O contacto co castelán continuaba e era cada vez máis intenso, ó tempo que seguía en marcha o proceso de substitución social do galego polo castelán. En consecuencia, a velocidade e a intensidade do proceso de difusión da proposta estándar non foron as óptimas para cumprir con ese obxectivo. De aí deriváronse dificultades de diverso tipo nas etapas de difusión e de aceptación social do modelo de variedade estándar (como tamén teremos ocasión de comentar na seguinte sección).

En terceiro lugar, e respecto do tipo de variedade que supón o galego estándar, estamos a confección dunha variedade supradialectal e unificada levou os codificadores cara ó deseño dunha variedade *componencial*, froito da amálgama dialectal, tendo en conta a inexistencia no dominio lingüístico galego de dialectos particulares que puidesen conformar o esqueleto principal desa variedade común. A inexistencia dunha variedade dialectal do galego forte e prestixiada é tamén froito da situación sociolingüística difícil da lingua neste período temporal recente.

E, en cuarto lugar, a variedade estándar constitúe hoxe unha variedade lingüística máis que os falantes poden incorporar no seu repertorio lingüístico e nas súas prácticas comunicativas. Hoxe en día temos individuos que descoñecen o estándar e só incorporan —se o fan algunha vez— algunha variante ou forma recollida da televisión ou escoitada a algún familiar que vai á escola. Outros falantes superpoñen a variedade estándar a unha variante dialectal tradicional —os escolarizados que teñen o galego como lingua inicial. Outros falantes só coñecen do galego a variedade estándar —ou unha ‘versión’ dela.

En consecuencia, a variedade estándar do galego representa para algúns individuos un dialecto, mentres que para outros constitúe un rexistro ou estilo de fala apropiado para

determinados usos sociais. No primeiro caso, o galego estándar é cada vez en maior medida unha variedade dialectal para os castelán-falantes que o aprenden como segunda lingua e nun contexto formal -a escola. No segundo caso, para os individuos que aínda se socializan no galego, o estándar tende a funcionar máis ben como un rexistro.

### **3. Algunhas consecuencias sociolingüísticas da estandarización da lingua galega**

Nesta sección desenvolveremos, en primeiro lugar, o modelo de estandarización proposto polo investigador noruegués Einar Haugen e aplicáremolo especificamente ó caso da lingua galega. Posteriormente, en segundo lugar, trataremos algunhas consecuencias da estandarización desde a perspectiva da variación social no galego actual.

#### **3.1. Elección, codificación, difusión e elaboración desde a perspectiva sociolingüística**

O modelo de Einar Haugen<sup>4</sup>, deseñado para describir e/ou propiciar procesos de estandarización conscientes e planificados, sêrvenos para afondar nas características e consecuencias sociolingüísticas da estandarización do galego.

O investigador noruegués deseñou un modelo de catro fases ou etapas, non necesariamente consecutivas, onde inclúe a oposición entre, por unha banda, planificación do *corpus* —actuacións sobre a lingua e sobre a súa estrutura— e planificación do *status* —actuacións sobre a sociedade—, e entre, por outra banda, a *forma* da lingua —que Haugen denomina ‘política lingüística’ e que nós denominamos ‘político-técnica’—, e a *función* da lingua —o cultivo da lingua<sup>5</sup>.

#### **Cadro 1. Fases da estandarización lingüística segundo Einar Haugen**

	FORMA: POLITICO-TÉCNICA	FUNCIÓN: CULTIVO
SOCIEDADE PLANIFICACIÓN DO ESTATUS	1. SELECCIÓN: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ procedementos de decisión: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Identificación do problema</li> <li>b) Atribución de normas</li> </ul> </li> </ul>	3. IMPLEMENTACIÓN / DIFUSIÓN: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ espallamento educativo: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Mecanismos de corrección</li> <li>b) Avaliación</li> </ul> </li> </ul>
LINGUA PLANIFICACIÓN DO CORPUS	2. CODIFICACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ procedementos de homoxeneización: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Grafización</li> <li>b) Gramaticalización</li> <li>c) Lexicalización</li> </ul> </li> </ul>	4. ELABORACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ desenvolvemento funcional: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Modernización terminolóxica</li> <li>b) Desenvolvemento estilístico</li> </ul> </li> </ul>

A selección constitúe a fase inicial que consiste en tomar opción por unha determinada variedade lingüística, a partir da cal se desenvolverá o proceso de estandarización. Nesta etapa cómpre tomar decisións clave sobre o vieiro que vai tomar a variedade estándar, sendo unha decisión nuclear a mesma elección dunha variedade como eixe central do modelo estándar. Os criterios que se utilizan para decidir qué variedade é a seleccionada son moi diversos e atópanse directamente relacionados coa historia social da lingua en cuestión (extensión xeográfica, poder social, prestixio histórico, etc. dos diferentes dialectos existentes).

A codificación céntrase na determinación de qué formas e qué elementos lingüísticos entran na configuración desta variedade —e de cáles, en consecuencia, quedan fóra—, así como o establecemento de normas para o seu uso. Son tres as partes principais da codificación: a) a *grafización*, que supón o establecemento das normas ortográficas; b) a *gramaticalización*, que consiste na fixación da morfoloxía e das regras sintácticas; e c) a *lexicalización*, que se centra na confección dun inventario do léxico coa especificación do significado exacto de cada palabra.

A implementación ou difusión consiste no espallamento social da variedade codificada. As transmisións educativas obrigatorias son a canle principal de difusión do estándar. A difusión da variedade codificada produce as normas de uso socializadas que matizan, complementan e mesmo poden chegar a rectificar as propostas iniciais da codificación.

Finalmente, a elaboración consiste nun desenvolvemento da diversidade lingüística, terminolóxica e estilística da variedade codificada mediante o enriquecemento e a especialización dos recursos expresivos da lingua. O obxectivo da elaboración é conseguir que a variedade elaborada sexa apta para tódalas funcións, para tódolos usos e para tódolos ámbitos de comunicación presentes na comunidade. Diversos autores establecen unha

distinción entre a *elaboración*, en sentido estricto, centrada na ampliación e modernización dos recursos léxicos, e o *cultivo*, dedicado ó depregamento funcional e á diversificación dos estilos. Mentres que a codificación e a elaboración son actividades moi técnicas, froito do traballo e da proposta de especialistas, o cultivo da lingua sitúase directamente no marco da implementación ou difusión.

A continuación comentaremos algúns aspectos que, desde a consideración sociolingüística, espertan máis interese das diferentes etapas do modelo aplicadas á estandarización contemporánea do galego

Respecto da selección, asentouse a idea rexeneradora de fondo que concibe o galego como unha variedade xenuína e independente do portugués logo da separación administrativa de Galicia e do territorio portugués. Esta selección foi moi discutida por certos sectores sociais e profesionais que apostaban polo portugués como punto de partida e/ou como horizonte para darlle forma á variedade estándar.

Tendo en conta a situación da diversidade dialectal existente no galego, situación da que xa tiña un coñecemento moi importante mercé ó traballo dialectolóxico desenvolvido desde o Instituto da Lingua Galega, optouse por un modelo estandarizador componencial, mediante a agregación de trazos lingüísticos xenuínos do galego e segundo diversos criterios xerais de escolla. É dicir, dada a situación dialectal, na cal se carece dun dialecto sobre o cal se pode construír a variedade modelo, optase por confeccionar unha variedade amálgama de trazos e formas procedentes de diversas zonas xeográficas. Tal como indican Álvarez & Xove (2002):

“A actual normativa, dentro dunha tendencia purista rexeitadora de todo o alleo ó sistema, basea as súas escollas morfolóxicas e léxicas na conxugación de criterios de maior extensión xeográfica e peso demográfico e mais no respecto á tradición da lingua, particularmente á tradición escrita. O resultado é unha variedade supra-dialectal que non se identifica en concreto con ningunha das outras variedades da lingua (...).” (páx. 18).

Respecto da codificación, desde finais dos anos noventa está en marcha un intento de unificación –ortográfica e morfolóxica– por parte de sectores moi próximos no tocante á concepción normativa, próximos polo menos desde a perspectiva dunha concreción práctica. O intento inicial, concretado en 2001, foi rexeitado inicialmente pola Real Academia Galega que, con todo, decidiu no último trimestre de 2002 retomar esta cuestión.

Neste ámbito da codificación constátanse diferentes limitacións respecto da delimitación das características específicas do estándar oral da lingua galega, sobre o cal se deitan moitas dúbidas e incertezas.

Respecto da difusión, o coñecemento e espallamento social da variedade estándar supuxo un proceso de implementación complexo e aínda por asentarse na sociedade galega. Vinte anos é un período breve que non permite enraizar unha variedade nova para situacións e funcións que, en moitos casos, eran igualmente novas. Os dous mecanismos principais para a difusión do estándar foron e seguen sendo as transmisións educativas e mais os medios de comunicación.

Non cabe ningunha dúbida de que, malia unha situación sociolingüística non favorecedora deste proceso, as transmisións educativas se converteron nunha poderosa canle de espallamento social da variedade estándar, tanto mediante a súa extensión a través da escolarización obrigatoria coma mediante as actividades formativas para adultos<sup>6</sup>.

A definición dos modelos de lingua para as transmisións escolares é un aspecto que coidamos non suficientemente debatido. De feito, que as variedades non estándar queden nun segundo plano nas transmisións educativas e no ámbito escolar é unha elección que deita moitas dúbidas: sobre a súa eficacia e interese.

Os medios de comunicación, escritos e orais, constitúen a segunda canle de difusión. Hai que ter moi en conta, de entrada, que a anómala presenza do galego no ámbito mediático, concentrada nuns poucos medios escritos —xornais e revistas— e audiovisuais —televisión e radio—, limitou o papel central e relevante destes medios na difusión da proposta estandarizadora. Coidamos que é precisamente por mor desta situación anómala polo cal a recepción da variedade estándar está a ser moi lenta por parte dos grupos de poboación de máis idade, que non tiveron oportunidade de a coñecer mediante a socialización escolar.

Diferencias na calidade dos textos escritos.

Dificultade de calidade nas variedades elaboradas dos medios audiovisuais. A este respecto, foise configurando un sociolecto audiovisual, de calidade lingüística moi cuestionable. Faise unha reinterpretación do que se considera apto para o modelo galego audiovisual, utilizando para iso unha mestura de trazos procedentes do estándar e empregando recursos lingüísticos do castelán. Nese sentido faise patente o seguimento de modelos narrativos e textuais, tanto escritos coma sobre todo orais, calcados mimeticamente dos modelos xornalísticos en castelán. Tal como apunta con preocupación Xosé L. Regueira:

“Ó non existir aínda un modelo oral culto consolidado, estas modalidades baseadas na pronuncia do español ou gravemente interferidas por esa lingua representan unha ameaza, xa que poderían chegar a converterse nas variedades máis prestixiosas da lingua galega. Coidamos que se trata dun perigo real e actual, xa que boa parte das mensaxes que se difunden a través dos

medios de comunicación falados representan ese modelo de lingua.” (Regueira [coord.], 1998: 9).

Ou tamén na mesma liña Dobao (1999) chama a atención sobre a situación nas emisións radiofónicas:

“(…), a calidade lingüística das emisións da radio pública galega é moi cativa. (…), o discurso oral da radio galega está tan lonxe do galego como próximo a pautas fónicas, prosódicas, sintácticas e estilísticas do castelán. Son poucos os profesionais que diante do micrófono demostran un aceptable dominio de recursos que lles permita emitir mensaxes orais con corrección”.

Se xa por definición unha variedade estándar tende a se presentar como unha modalidade orientada cara á neutralidade formal respecto da diversidade xeográfica e social, a versión audiovisual do galego espallada por boa parte dos medios limita aínda en maior medida esa diversidade dialectal e introduce o castelán como fonte e, ás veces, como modelo de chegada.

Respecto da elaboración, moito terreo se leva andado desde 1982 nos ámbitos da terminoloxía, da diversidade estilística, das linguaxes de especialidade, etc. (véxanse a este respecto os traballos recentemente publicados por Galanes, 2002, sobre a implantación da lingua galega como medio especializado, ou o de Díaz Abreira, 2002, sobre as características da linguaxe administrativa galega). As limitacións propias das insuficiencias do proceso de revitalización social do galego: a menos funcións, usos e ámbitos, menores necesidades de elaboración —terminolóxicas e estilísticas.

### **3.2. Estandarización e variación social**

Á hora de categorizar a variación social na lingua galega debemos recoñecer que a historia social da lingua, contextualizada nunha situación de contacto lingüístico co castelán intensa e que se prolonga no tempo, condicionou poderosamente o rango e a extensión da variación social interna existente. Ata o momento actual, pódese considerar que a variación social na lingua galega foi moi escasa debido á interposición do castelán nun dobre sentido: como variedade lingüística que tendía a remprazar o galego e como fonte de formas lingüísticas. Se desde unha perspectiva teórica existe unha relación proporcional entre a diversidade de usos sociais dunha lingua e a diversidade de fenómenos de variación social, unha lingua galega socialmente restrinxida e subordinada converteuse nun espécime ‘encollido’ e relativamente uniforme no tocante ó plano da variación social.

Tendo en conta esa situación de partida, a variación lingüística no galego vinculada con factores sociais centrouse case exclusivamente na existencia de certas xergas e xirias, como o verbo dos arxinas, o latín dos telleiros, o barallete, o latín dos chafoutas, etc., variedades nas cales a presenza de formas lingüísticas galegas levaron a consideralas como unha expresión xenuína da variación social no galego.

Pero fóra destes casos moi particulares, cómpre ter moi presente que a existencia dunha variedade unificada ou estándar adoita ser un dos principais focos da variación social, xa que a súa formación e difusión introduce dinámicas de imitación e de rexeitamento entre os distintos grupos sociais, converténdose así nunha fonte rica e variada de fenómenos lingüísticos.

Algunhas consecuencias sociolingüísticas da estandarización contemporánea da lingua.

- A estandarización é, por definición, un fenómeno que xera variación social.
- As variedades estándar tenden a espallarse de arriba a abaixo con tendencia a ocupar todo o espacio, é dicir, teñen vocación totalizadora.
- A variedade estándar do galego tende a constituírse en modelo de referencia.

No caso do galego, desde hai vinte ou trinta anos a diversificación social vai sendo considerablemente maior. Xa que a diversidade lingüística é un elemento de diferenciación social, a variación social crecente no galego debe interpretarse como unha manifestación simbólica da crecente distinción no seo da sociedade galega en xeral, e da comunidade galegófona en particular.

Na análise da variación social actual na lingua galega hai que ter en conta, polo tanto, os efectos da estandarización recente do galego e da revitalización social e institucional que se desenvolveu con certa intensidade desde a restauración democrática, dous fenómenos recentes que fan aumentar a marcade de diferencias sociais a través da utilización de formas e de variedades da lingua galega.

A este respecto, podemos concretar algunhas consecuencias sociolingüísticas tendo en conta, en primeiro lugar, as consecuencias respecto do continuo de variedades, e, en segundo lugar, certas consecuencias respecto da variación lingüística.

En primeiro lugar, con respecto ás consecuencias respecto do continuo de variedades:

a) a variedade estándar do galego asóciase, cada vez con máis forza, con referentes positivos en termos de poder e de prestixio social. Malia a reacción inicial de sorpresa e

mesmo de rexeitamento ante un modelo de lingua que se percibía alleo e distante do galego tradicional (cf. Noia, 1989), o paso do tempo foi contribuíndo a afortala-la súa posición social no continuo de variedades en Galicia.

b) as variedades tradicionais ou populares manteñen unha valoración alta en termos de expresividade, de solidariedade e de autenticidade (prestixio encuberto e identidade).

c) queda establecida unha diferenciación social e xerarquización na consideración social das variedades lingüísticas en contacto (cf. Monteagudo & Santamarina, 1993). Tal como indica Fernández Rei (2001) ó referirse á aplicación no noso caso do concepto de macrodiglosia:

“(…), tamén no caso galego podemos falar dunha situación macrodiglósica (...), especialmente na Galicia administrativa onde as variedades orais galegas (con seseo, gheada, dialectalismos morfolóxicos e interferencias léxicas do castelán) son a lingua baixa fronte ó galego estándar, que é a lingua alta e con prestixio, sobre todo canto menos galega sexa a súa fonética e a súa entoación e canto máis léxico ‘académico’ presente.” (Fernández Rei, 2001: 307).

En segundo lugar, con respecto ás consecuencias respecto da variación lingüística

a) a estandarización provoca, co paso do tempo, a redución paulatina da variación dialectal, é dicir, tendencias uniformizadoras nas diferencias xeográficas e, en consecuencia, nivelacións dialectais de diferente intensidade.

b) os procesos de estandarización están a facilitar a ampliación do rango da variación social no galego, proceso este que pode resultar lento pero coidamos que será imparabile. Por un lado, vai aumentando a diferenciación social mediante a variación lingüística no galego: o que antes se marcaba recorrendo ó castelán, agora comeza a basearse en formas da lingua galega. Por outro, a creación de ‘lectos’ novos asociados con grupos sociais ou profesionais xa está a acontecer: o ‘galego audiovisual’, que comentabamos anteriormente, sería un caso deste tipo; ou os ‘galegos urbanos’.

No caso dos galegos urbanos, non nos podemos deter aquí na súa caracterización formal e funcional (cf. Regueira, 2001), pero si queremos comentar algúns motivos que, desde a nosa perspectiva, están detrás da súa xénese e que poden axudarnos a entender o porqué das diverxencias entre o galego tradicional e popular, e as variedades ‘urbanas’. Por un lado, a diferente cantidade de información dialectal interiorizada durante o proceso de adquisición do galego, polo grao de influencia dos modelos de lingua estándar, e polo papel conferido ó castelán como fonte de innovacións. Por outro lado, falta de valoración e de referentes

positivos nas falas tradicionais, e como consecuencia búscase un galego con fasquía diferente do resto de variedades orais tradicionais.

### **Remate**

A estandarización dunha variedade lingüística, tal como se executa a partir dun modelo como o de Einar Haugen, nunca queda definitivamente completado, dado que as etapas de difusión e de elaboración están en constante retroalimentación, e unha turra da outra. No caso da lingua galega, a estandarización é un proceso funcional e formal inacabado. Dispoñemos dunha variedade estándar que aínda está sometida a debate no tocante á súa codificación. A precaria difusión dese modelo estándar, froito dunha situación sociolingüística anómala, limita a súa extensión efectiva, ó tempo que limita o nivel de elaboración. En consecuencia, difusión e elaboración, os dous compoñente máis supostamente dinámicos dun proceso estandarizador, atópanse no caso do galego nunha moi difícil implementación.

Respecto da codificación, o remate, mediante o consenso necesario —e non tan difícil aparentemente—, da etapa de configuración da forma da variedade estándar —selección e codificación— é outro dos pasos necesarios para que se poida afondar con forza nas etapas de difusión e elaboración.

### **Referencias bibliográficas**

- Álvarez, R. & X. Xove (2002), *Gramática galega*, Vigo, Galaxia.
- Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (2002), *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística (9-10 de novembro de 2000)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega – APNL.
- Bibiloni, G. (1997), *Llengua estàndard i variació lingüística*, Valencia, Eliseu Climent.
- Blackledge, A. (2000), “Monolingual ideologies in multilingual states: Language, hegemony and social justice in Western liberal democracies”, *Estudios de Sociolingüística* 1 (2), 25-46.
- Bouzada, X. (2002), “Change of values and the future of Galician”, *Estudios de Sociolingüística* 3 (2) [monográfico: *Galician sociolinguistics*, coordinado por M. Fernández Ferreiro & F. Ramallo], a saír.
- Bouzada, X. & A.M. Lorenzo Suárez (1997), *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Díaz Abraira, C. (2002), “Caracterización da linguaxe administrativa galega”, in Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (2002), *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística (9-10 de novembro de 2000)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega – APNL, 201-205.

- Dobao, X.A. (1999), “Un máster de galego na aldea. Discursos (e silencios) públicos ó redor do galego oral”, in R. Álvarez & D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Tomo I. Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, Santiago de Compostela, Universidade / Departamento de Filoloxía Galega, 349-66.
- Fernández, M.A. (1991), “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial* 110, 239-62.
- Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- (1999), “A situación do galego en Galicia e no Occidente de Asturias, de León e de Zamora”, in F. Fernández Rei & A. Santamarina Fernández (eds.), *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*, Santiago, Universidade, 27- 82.
- (2001), “A situación das minorías étnico-lingüísticas da república italiana”, *A Trabe de Ouro* 47, 301-22.
- Fernández Salgado, B. (1995), “Sobre a semántica da estandarización”, in H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma culta*, Vigo, Galaxia, 231-46.
- Fernández Salgado, B. & H. Monteagudo (1995), “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, in H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma culta*, Vigo, Galaxia, 99-176.
- Galanes Santos, I. (2002), “O galego como linguaxe de especialidade (I)”, in Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística, *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística (9-10 de novembro de 2000)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega – APNL, 221-37.
- Haugen, E. (1983), “The implementation of language planning”, in J. Cobarrubias & J. Fishman (eds.), *Progress in Language Planning*, A Haia, Mouton, 269-89.
- (1987), “Language planning”, in U. Ammon, N. Dittmar & K.J. Mattheier (eds.), *Sociolinguistics. Soziolinguistik. An International Handbook of the Science of Language and Society. Ein Internationales Handbuch zur Wissenschaft von Sprache und Gesellschaft. First Volume / Erster Halbband*, Berlín, Mouton de Gruyter, 626-37.
- Heller, M. (2000), “Bilingualism and identity in the post-modern world”, *Estudios de Sociolingüística* 1 (2), 9-24.
- Hermida Gulías, C. (1999), “Un modelo de lingua para os medios de comunicación de masas”, in R. Álvarez & D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Tomo I. Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, Santiago de Compostela, Universidade / Departamento de Filoloxía Galega, 501-18.
- Lamuela, X. (1994), *Estandarització i establiment de les llengües*, Barcelona, Edicions 62.
- Mariño, R. (1998), *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Monteagudo, H. (1997), “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fio do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de Lingua* 16, 5-33.
- (1999), *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- Monteagudo, H. & A. Santamarina (1993), “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, in R. Possner & J. Green (eds.), *Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance (=Trends in Romance Linguistics and Philology. Volume 5)*, Berlín, Mouton de Gruyter, 117-73.
- Noia Campos, M<sup>a</sup>.C. (1994), “Norma e estandarización, análise da televisión galega”, in R. Lorenzo Vázquez (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía*

- Románicas (Santiago de Compostela, 1989)*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, vol. VI: 41-50.
- Pérez Magdalena, R. (2002), *A aprendizaxe da lingua galega no ensino non regrado de adultos*, Santiago de Compostela, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia.
- Ramallo, F.F. (2000), “Rétention et reproduction du galicien”, *Lengas* 47, 97-117.
- Regueira, X.L. (1994), “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua* 10, 37-60.
- \_\_\_ (1997), “Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega”, en *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos* (U. de Oxford).
- \_\_\_ (coord.) (1998), *Os sons da lingua*, Vigo, Xerais.
- \_\_\_ (1999), “Estándar oral e variación social da lingua galega”, in R. Álvarez & D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Tomo I. Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, Santiago de Compostela, Universidade / Departamento de Filoloxía Galega, 854-75.
- \_\_\_ (2000). “Un modelo de estándar oral para a lingua galega”, en *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos* (U. de La Habana).
- Rodríguez Neira, M. (1988), “Sobre o proceso de substitución lingüística en Galicia”, in D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Université de Trier, 1986)*, Tübingen, Max Niemeyer, vol. V: 253-65.
- \_\_\_ (1991), “Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia”, in M. Brea & F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe a Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade, volume II: 179-94.
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- \_\_\_ (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- \_\_\_ (2002), “Aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos. Resultados dunha investigación baseada en grupos de discusión”, relatorio presentado no *II Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (Vigo, outubro de 2002)*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade (a saír).
- Silva Valdivia, B. (2002), “¿Existe un modelo de fala para a clase de lingua?”, in M<sup>a</sup>.X. Bugarín López et al. (eds.), *VIII Conferencia internacional de linguas minoritarias. Políticas lingüísticas e educativas na Europa comunitaria*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 233-42.

---

<sup>1</sup> Neste sentido tense apuntado que a lingua estándar é un elemento que fomenta e facilita o control social dos grupos non dominantes por parte dos grupos sociais dominantes. A este respecto Pierre Bourdieu afirmaba que a lingua estándar era, simultaneamente, produto da dominación política reproducida a través das institucións e instrumento simbólico do poder para a regulación das prácticas lingüísticas.

<sup>2</sup> Aínda que se cadra non será necesario para moitos dos lectores/as deste texto, son relevantes para obtermos un panorama histórico da situación sociolingüística do gallego en contacto co castelán os traballos de Monteagudo & Santamarina (1993) e de Fernández Rei (1996), (1999).

<sup>3</sup> Poden consultarse os volumes do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* para cotexar a distribución social e xeográfica de galego e castelán (cf. Seminario de Sociolingüística da RAG 1994, 1995, 1996). Tamén seguen sendo relevantes a este respecto as reflexións de Rodríguez Neira (1988) e (1991) e, centrado na transmisión primaria, pode consultarse Ramallo (1999).

---

<sup>4</sup> Véxanse os traballo de Haugen (1983) ou (1987). É moi completa e recomendable a descrición do modelo que realizan Lamuela & Monteagudo (1996).

<sup>5</sup> Este modelo foi cualificado de tecnocrático e dirixista, feito de ‘arriba a abaixo’. O papel outorgado ós políticos e ós especialistas é moi importante, mentres que o papel dos actores sociais e da sociedade civil é escaso ou, simplemente, inexistente. Neste sentido tense indicado que Einar Haugen deseñou este modelo pensando en procesos estandarizadores moi evidentes e claros, non en cambio no caso de procesos conflictivos.

<sup>6</sup> Véxanse os traballos de Silva Valdivia (2002) respecto do estándar na escola e de Pérez Magdalena (2002) sobre a adquisición da lingua no ensino non regrado.